

NOTA DE PRENSA 098/23
10 DE NOVIEMBRE DE 2023

FORCAREI DESPIDE O REVITALIZADO CAMPIONATO GALEGO DE KARTING

O Circuito da Magdalena en Forcarei acolle os días 11 e 12 de novembro a terceira e derradeira cita do revitalizado Campionato Galego de Karting, que nesta carreira contará con 64 equipos participantes.

O aumento, que demostra que os cambios aplicados no certame foron os correctos, terá a súa derradeira mostra esta fin de semana, na que a localidade pontevedresa de Forcarei recibirá a centos de afeccionados e deportistas que contribuirán a xerar riqueza na zona.

En canto a proba, durante a xornada do sábado os equipos rodarán nos adestramentos libres nos que prepararán as carreiras do domingo. Como é habitual, os participantes da categoría Pre-Rookie, unha modalidade non competitiva debido a curta idade dos pilotos, disputarán as súas carreiras nesta xornada.

Para o domingo, o prato forte, cos adestramentos libres a partir das 09:00 horas da mañá. As carreiras comezarán as 11:30 e as 13:00 horas, momento no que os mellores equipos do certame coñecerán se son os campións autonómicos.